

E. T. A. HOFFMANN

# O caldeiro de ouro

## Un conto de fadas moderno

Traducido por Jairo Dorado Cadilla



## PRIMEIRA VIXILIA

### O desgraciado caso do estudiante Anselmus · O tabaco do vicerreitor Paulmann e a serpe de verde dourado

O día da Ascensión, contra as tres de tarde, un home novo que entrara en Dresden pola Schwarze Thor<sup>1</sup> foi bater contra un cesto cheo de mazás e bolos que vendía unha vella contrafeita. Tan forte foi o trancazo que cisou todo canto había, para ledicia dos rapaces da rúa, os cales axiña apañaron e repartiron o botín estrado ás presas polo mozo. Os berros da anciá provocaron que as comadres desatendesen biscoitos e augardentes, se abeirasen ao homiño e, falando coma bocapodres, desen en insultalo, de tal modo que o azorado individuo optou por afrouxar a bolsa, non demasiado chea, e consentiu que a vella lla rapinase para deseguida agochala. No estreito círculo que o arrodeaba, abriuse unha físgoa, e o mozo aproveitou para escapulirse mentres a vella lle berraba:

—Fuxe, fuxe, fillo de Satanás! No cristal! Pronto acabarás preso no cristal!

---

<sup>1</sup>Construída na primeira metade do século XVII e derrubada a comezos do XIX, refírese á porta fortificada situada ao termo da rúa principal, no perímetro da cidade vella.

Tan terrible soou a voz estridente e irritada da anciá que os paseantes, abraiados, ficaron quedos, e os seus risos iniciais afundiron de vez no silencio. Ao estudiante Anselmus, o noso mozo, que non deu entendido ao xeito as falas da muller, acometeuno un rauto de repentina xenreira e acelerou o paso para se zafar das miradas severas e curiosas daquela tropa. Conforme sorteaba o xentío, escoitaba murmurar: «Ai, coitado! Condenada vella!».

De modo sorprendente, as misteriosas palabras da vella imprimíranlle un sentido tráxico a un suceso en por si absurdo, e as persoas alí congregadas pasaron a ollar con simpatía o descoñecido. As mulleres esbarrallaban sobre o rostro grosso –cunha expresión marcada pola caraxe interna–, a figura acorporada e a escasa elegancia do mozo, ataviado cunha vestimenta á moda de antano. O seu frac de cor gris cinza parecía confeccionado por un xastre que, se algo sabía de modernidade, sería de oídas; polo demais, as garbosas e negras calzas dábanlle ao conxunto un certo ar señorrial que non lles acaía nin aos andares nin á apostura do mozo.

Cando o estudiante estaba para chegar ao final da rúa lindeira co xardín Linke, houbo quedar sen alento. Tivo que minorar o ritmo pero, ao que levantaba a vista, o único que distingúía eran as mazás e os biscoitos a danzaren diante del, ao tempo que nas miradas amables das mozas só apreciaba o reflexo das gargalladas burleiras da Schwarze Thor.

Xa na entrada do Linke, o fluxo de endomingados transeúntes era incesante. O son dos instrumentos de vento e o xívilo da alegre concorrenza ía *in crescendo*. As bágoas acudiron aos ollos do pobre estudiante

